

ESCRITORES NOS XORNAIS

Luis Álvarez Pousa
Universidade de Santiago

1 O CONTEXTO SOCIAL E MEDIÁTICO DE REFERENCIA

No tempo da información globalizada, que en boa medida é produto da aplicación das tecnoloxías a canto representa un potencial económico, a comunicación en xeral e os medios en particular experimentan cambios estruturais que tenden a modificar os principios, e tamén as funcións, que viñeron substantivando a ideoloxía e a cultura xornalísticas. Os valores normativos –dereito á información, pluralismo, diversidade, obxectividade, veracidade– quedan supeditados aos valores consumistas que un mercado cada vez máis desregulamentado e voraz impón tamén no ámbito da comunicación e da información. Antes que a soberanía do cidadán estaría a soberanía do consumidor. Importa, xa que logo, moito máis a velocidade da información e a súa multiplicación que a garantía da súa veracidade. E se é en tempo real e en directo, mellor, porque é como se optimiza a rendibilidade imposta: non só porque facilita a produción e distribución de información sen interrupción, tamén porque fai perfectamente prescindibles os intermediarios.

É certo que a produción de información non se entende sen ao mesmo tempo relacionala coa produción e xestión do coñecemento. As tecnoloxías non só teñen un enorme potencial para eliminar distancias temporais e espaciais –xerando por certo altas doses de incerteza na cidadanía, pois que desaparecen os referentes que máis seguridade lle deran ata agora–. Permiten tamén, en dirección inversamente proporcional, que se reduzan os ámbitos que están máis expostos ás carencias informativas, o que redundará na democratización do coñecemento e dos seus diversos ámbitos, que é consecuencia da multiplicación do saber e da súa accesibilidade social. Quérese dicir, en síntese, que na medida en que actúan nesa súa dimensión subversiva, contribúen a facer realidade a democracia cognitiva, a antesala imprescindible para dar paso a unha democracia participativa.

Os medios, que están sometidos ás tiranías dun sistema viciado pola acción de fenómenos tanto internos como externos á súa propia natureza comunicativa, poden valerse das tecnoloxías para subvertelo, rexenerando as funcións do xornalismo, que non poden senón afincar nos principios ideolóxicos que remarcan a súa condición social por enriba da súa condición comercial. Traducido a termos democráticos, os medios farían así posible que a soberanía do cidadán se sobrepoña á soberanía do consumidor, e non ao revés.

2 O XORNAL COMO ACTOR SOCIAL E COMO PRODUTO CULTURAL

Ten o xornal a súa dobre condición de *actor social* e *produto cultural*. Na medida en que confronta a súa estratexia á doutros actores sociais buscando influír na conformación dunha opinión pública e na toma de decisións, contrae responsabilidades respecto do seu ámbito de recepción –lectores, audiencia– e tamén respecto da cualificación que unha democracia participativa require para ser politicamente operativa e útil. Velaí polo que adquire igualmente esoutra condición de actor político, ou mellor, de actor parapolítico.

Nesa súa dimensión pública e democrática intervén como contrapoder, non para a conquista do poder dos outros, senón para influír na distribución dese poder. Entenderemos pois esa dimensión como aquela que fai accesible a enerxía informativa e argumentativa que un medio de comunicación administra cada día para mover o motor dunha sociedade en estado de desasosiego. É a dimensión en que o xornal desafia actualmente todas as leis da gravidade –as da globalización, as do mercado da información, as da desregulamentación e a homoxeneización–.

Un desafío para o que precisa da contribución doutros actores sociais. Empezando por darlles entrada no proceso que serve para construír a actualidade –a súa actualidade– cada día. Tanto na súa condición de produto interpretativo –información e opinión–, que é como referenda ante os demais actores a súa vontade de intervención social, como na súa condición de intermedia-

rio comunicador, pois precisa deles para a construción dos discursos xornalísticos que lle darán sentido a esa actualidade. Nesta dobre perspectiva, o xornal é produto dunha polifonía de voces e de enfoques. A tal punto que o poderíamos definir así.

Cada medio de comunicación produce a súa propia actualidade servíndose desa multiplicidade de voces, que non poden ser analizadas á marxe do sistema de valores en que están insertas, valores aos que responderán de diferente maneira segundo a relación que teñan cos feitos e segundo a capacidade de cada unha para explicalos e interpretalos. Xa que logo, non poderemos pensar a actualidade como a suma de feitos ou acontecementos que poden ser noticia, sen máis. Todo é máis complexo. Por unha banda o xornal, coma calquera outro medio, escolle e xerarquiza os feitos de acordo cunha serie de valores preestablecidos –funcionais e profesionais uns, normativos outros– que son os que substantivan unha cultura mediática e/ou xornalística que ve no cidadán e non no consumidor a súa principal fonte de inspiración e o seu verdadeiro e fundamental obxectivo. Pola outra, vese obrigado a negociar a cesión de información e a intersubxectivar as valoracións que sobre esta teñan outros actores sociais, que actúan pola súa vez de acordo cos seus propios valores.

Ese cruzamento de valores é o que establece os espazos sociais de relación entre a cultura e a comunicación. No fondo responden a procesos de aprendizaxe, que na sociedade da información e do coñecemento son máis necesarios ca nunca por mor do desenvolvemento tecnocientífico que a caracteriza. Neses procesos ocupan un lugar estratéxico os medios de comunicación pois, ademais de información, transmiten valores, ideoloxía, símbolos, imaxes, actitudes, pautas de comportamento, modos de vivir, linguaxe..., cultura en definitiva. O xornal pode e debe ser considerado por isto un produto cultural –ou, se queren, un produto intelectual–.

Cantos máis actores con capacidade para coproducir sentido e argumentación sobre a realidade ou para contribuír á estruturación e argumentación dos discursos xornalísticos interveñan nel, máis reforzará e cualificará esa súa condición. Nesa converxencia

de voces, nesa intersubxectividade, calquera que teña esa capacidade pode e debe ser tido en conta no proceso de conformación da actualidade nun xornal. Empezando polos expertos, como fontes cualificadas que son, e seguindo polos creadores de discurso sobre as causas e as consecuencias dos acontecementos de actualidade. O intelectual e o escritor intelectualizado entre eles.

3 DO ESCRITOR INTELECTUALIZADO AO ESCRITOR MEDIATIZADO

A alusión ao intelectual, e ao escritor como cultivador do intelecto, en relación cos procesos de comunicación que o fan socialmente útil, veuse entendendo tradicionalmente non tanto como iluminador de consciencias e de realidades que son difíciles de aprehender ou ás que é difícil chegar, como en calidade de modelo público. Móllase no social ou no político e faino achegando argumentos, xulgando sempre esas realidades a partir dos valores universalmente recoñecidos. De aí o do compromiso sartriano, que se mantivo activado a través de múltiples acontecementos que protagonizaron, case sempre de maneira conflitiva, o século xx. Esa condición de intelectual e esa dimensión virtuosa estaría reservada a moi contados personaxes, e sempre á marxe de se están ou non presentes nos medios de comunicación.

Non obstante, esa concepción do intelectual, e sobre todo esa súa capacidade para intervir naqueles procesos que máis fan avanzar o mundo, ou un modelo de sociedade determinada, xa non se ven hoxe en día da mesma maneira. O compromiso non o manifesta tanto poñéndose á fronte da manifestación como favorecendo estados de conciencia social que redunden na prevención de canto puidera chegar a desencadear, neste tempo de incertezas e de riscos, desequilibrios estruturais ou acontecementos humana e socialmente regresivos. Non o manifesta tanto inflamando mobilizacións contra situacións ou actuacións inxustas, como iluminando, grazas aos coñecementos dos que dispón, realidades que, por mor da súa complexidade, fosen difíciles de percibir na súa raíz e nos seus procesos de desenvolvemento e explosión social.

Pero non poderá facelo xa valéndose dos seus propios recursos, que están limitados ao ámbito en que desenvolve o seu traballo intelectual. No tempo da globalización informativa e da explosión tecnocientífica, que fan do sistema mediático o sistema reitor para todo tipo de actuacións, terán que facelo necesariamente a través dos modernos medios de comunicación. A través dos medios e tamén a través dos diferentes procedementos que levan a facer deles non só garante dos valores que lle viñeron dando consistencia e relevancia á ideoloxía da información (pluralismo, diversidade...), senón tamén atendendo ao uso social que calquera cidadán pode facer deles para a súa supervivencia como suxeito histórico e como suxeito de dereitos e deberes.

Digamos que o intelectual así considerado, e canda el outros actores intelectualizados que amosan esa vontade de intervención, democratízase. Hai moitas máis persoas que poden beneficiarse das súas funcións iluminadoras. Non se pode xeneralizar a súa identificación coa figura do experto, pero tamén asume moitas veces ese carácter na súa relación cos medios. Cando menos cando actúan na práctica como coprodutores de sentido e argumentación no produto global –cultural, intelectual– que é o xornal. Dándolle este enfoque, hai que dicir que o escritor participa da condición intelectual sempre e cando dispoña de coñecementos que lle permitan desenvolver esas mesmas funcións iluminadoras, amosando pola súa vez unha clara vontade de intervención nos distintos ámbitos aos que se abre o sistema social de pertenza.

Como queira que non pode prescindir dos medios para exercer esas funcións iluminadoras –das consciencias, das verdades contraditorias nas que se manifesta o mundo de hoxe–, teremos que concertar na súa mutación de escritores intelectualizados a escritores mediatizados. Non o poden eludir, por máis que queiran. Contrariamente ao que veu sucedendo, non son os medios os que precisan dos intelectuais e dos escritores intelectualizados que teñen predicamento ensaístico ou literario para gañar prestixio, senón que é ao revés: son eles os que precisan dos medios para teren ese predicamento social que antes se lles daba por suposto.

Esa mutación é decisiva. Terémola que ter en conta sempre que nos propoñamos abordar a presenza dos escritores nos medios de comunicación en xeral, e no xornal en particular. Non é que os xornais non teñan necesidade ás veces de contar con firmas de escritores que xa son coñecidos pola súa traxectoria estritamente literaria e/ou ensaística; o que sucede é que actualmente os xornais non os necesitan tanto para prestixiarse como para lexitimarse como produtos culturais ou intelectuais, e en función diso a entrada de escritores nas páxinas de opinión –ou nos espazos audiovisuais correspondentes– guíase menos polo efecto prestixio e máis polas estratexias produtivas, que están hoxe en día en liña coa súa dimensión comercial/empresarial antes que coa súa dimensión normativa.

A presenza dun escritor intelectualizado nun xornal –aquele que coproduce sentido e argumentación na construción da actualidade diaria– contribúe a que aumente o seu valor como produto cultural, facéndoo máis competitivo. Cualifican ao mesmo tempo o produto? Xa non está tan claro. Precisamente porque a súa selección faina o xornal atendendo máis a se é ou pode acabar sendo homologado ou non na súa estratexia produtiva. Ese será o prezo que haberá de pagar. Velaí como, en contra do que puidera facer pensar a adscrición ideolóxica do escritor ou do colaborador escritor nun determinado medio ou nun determinado xornal, explícanse as complicidades ou as adhesións escasamente racionais que se producen en asuntos conflictivos nos que a empresa editora pon a proba a súa estratexia defensiva fronte á estratexia do competidor ou dun goberno. Nunca como en situacións deste tipo se pon de manifesto tan claramente a mutación que fixo do escritor intelectualizado un escritor mediatizado. As excepcións existen –dise entón que fulano ou fulana ten bula–, pero son as menos.

4 ESCRITORES COOPTADOS, TOLERADOS, ACHEGADOS

Así pois, en contraposición co que sucedía noutros tempos, cando eran os escritores intelectualizados os que lles interesaban aos xornais, dándolles espazo de privilexio porque o facían rendible en prestixio –velaí a terceira páxina do ABC durante anos–,

hoxe en día son os escritores os que precisan estar nos xornais para adquiriren notoriedade e mesmo influencia social, o que redundará ao tempo na súa proxección como autor literario ou como ensaísta.

Podíamos incluso facer unha clasificación de escritores tendo en conta a maneira en que os xornais os seleccionan e acollen nas súas páxinas de opinión ou nas súas páxinas editoriais. Así:

a) *Escritores cooptados*: elixidos de entre outros moitos por atopar neles características persoais, sociais e de competencias que garanten a función lexitimadora que buscan neles sen ofrecer risco ningún para a estratexia produtiva do xornal. Déixanse mediatizar e ademais contribúen a lexitimar a empresa, o produto cultural que é o propio xornal e o discurso editorial de referencia e de influencia. Dispoñen a cambio dun espazo fixo –columna ou artigo de fondo–, e teñen prioridade fronte a todos os demais.

b) *Tolerados pero rigorosamente vixiados*: son elixidos por unha especie de cota e tamén lexitiman o xornal e a súa liña editorial, pero neste caso por contraste e non por adhesión. Algo inevitable, sen dúbida. Non dispoñen de espazo fixo, agás algún caso como excepción que confirma a regra. Se exceden as marxes de confianza pactadas, son expulsados.

c) *Achegados*: proporcionan artigos cando llelo demandan desde o xornal en función da súa achega a un caso concreto, ou tamén para compensar ideoloxicamente, ou por cota mulleres - homes...

Esta tipoloxía atopámola na prensa galega, que é unha das máis xenerosas en ofrecerlles espazo de opinión aos escritores. Non se dá en todos os xornais –os de ámbito local restrinxen a súa entrada ao máximo, e só circunstancialmente aparecen artigos de escritores galegos nas súas páxinas–, pero desde a época do vespertino *La Noche*, que foi excepcional neste sentido malia estar baixo a bota da censura, nunca se lles dera tanta cancha. Ese sistema de coopta-

ción e vixilancia ponos a salvo de continxencias non desexadas, que aínda así se producen –e talvez sexan dous dos escritores da xeración intermedia, Suso de Toro e Bieito Iglesias, os que sufriron desterro xornalístico por este motivo– e que condiciona os escritores a manterse nunha liña de adhesión e fidelidade inquebrantable a canto estratexicamente convén ao editor do momento.

Con todo, as marxes de autonomía das que dispoñen son importantes. Moito maiores que as que teñen os xornalistas que tamén son intérpretes e comentaristas, articulistas e críticos da actualidade. A distancia descompromete. En cambio, a adscrición laboral e profesional fai do xornalista analista/comentarista/crítico un escritor máis comprometido coa estratexia produtiva e coa liña editorial do xornal. Velaí por que algúns xornais que carecen de editorial buscan fóra da redacción a quen acepte facer de editoralista con firma sempre que a empresa quere marcar a súa posición respecto dalgún asunto de especial relevancia. Algo semellante sucede respecto de columnas ou artigos asinados por escritores/literatos e por escritores/xornalistas. A estes últimos pónenselles trabas para escribir e publicar aquilo para o que os primeiros teñen vía libre.

5 AS CONSECUENCIAS DA MEDIATIZACIÓN PARA O ESCRITOR

Non fai falla entrar no que outras voces xa puxeron de manifesto respecto da fronteira que separa a literatura do xornalismo e dos pasadizos non tan segredos que permiten a súa maridaxe. Escritores e xornalistas atópanse tamén con esa mesma fronteira e con eses pasadizos polos que uns e outros transitan e ás veces acaban encontrándose. Entre os que recrean e narran –os escritores na práctica literaria– e os que interpretan e argumentan –os xornalistas– hai evidentes diferenzas. Como as hai entre os que buscan reinventar o mundo sen acoutamento temporal ningún –os escritores literatos– e os que o reinventan cada día –os escritores xornalistas–. Ou entre os que personalizan a verdade que está permanentemente activada na natureza do mundo e das relacións humanas –os escritores– e cantos obxectivan a verdade que está

oculta nos acontecementos que conforman a actualidade diaria –os xornalistas–. Porque son as distancias que hai entre o libro –un contedor que almacena as verdades do escritor– e o xornal –un contedor que almacena as verdades informativas que identifican o acontecer–, ou entre o discurso único que o escritor leva ao libro e a polifonía de discursos en que se converte o xornal. O libro transporta información enlatada e o xornal transporta información innovadora, creando expectativas que establecen ámbitos de diálogo e de negociación dentro do propio xornal.

Nesa dimensión óptica, o escritor literario que ten presenza nos xornais en calidade de coprodutor de sentido e de argumentación sobre canto forma parte da súa actualidade está condicionado por:

a) o soporte: por mor do que acabamos de dicir e porque o xornal é un actor sociopolítico con vocación interventora, poñendo a proba por iso o nivel de coherencia e de compromiso sociopolítico do escritor;

b) a materia prima do produto xornalístico: non pode senón saír do seu laboratorio de ideas para contrapoñelas á fenomenoloxía dos acontecementos diarios, pois a información de actualidade é a materia prima do xornal;

c) o destinatario: porque tomará parte activa nun produto intelectual que está destinado a todos os públicos, heteroxéneos e descoñecidos polo tanto, o que obriga ao escritor a reformular os seus procesos creativos e argumentativos;

d) o discurso: terá que aterse o escritor a canto lle esixen o soporte, a información de actualidade e os destinatarios heteroxéneos do produto xornalístico, se quere que os seus textos discursivos, independentemente do xénero que escolla, acaden a comunicación buscada.

Tentei sintetizar as dificultades ás que os escritores literarios se enfrontan por mor das esixencias derivadas da natureza e das funcións que se atribúen aos medios de comunicación, en xeral, e aos xornais, en particular. Tentarei subliñar agora –seguinto co apuntado anteriormente respecto da cooptación da que os escritores son obxecto actualmente por parte dos medios – unha

serie de limitacións que lle veñen impostas, a maiores do dito, pola necesidade que teñen os medios de elaborar os seus produtos informativos de acordo coa tendencia consumista que se instalou neles, vítimas sen dúbida dos valores absolutos que a globalización económica, a desregulamentación, o baleiro postmodernista e outros factores ligados ao feito de se ter convertido a TV no medio reitor que arrastra a todos os demais na valoración dos feitos pola súa capacidade de impacto e non pola súa significación e transcendencia obxectivas.

a) As mutacións operadas nos medios de comunicación por mor de fenómenos tanto externos (globalización informativa, mercado da información, procesos de concentración non só empresarial senón tamén da produción, a desregulamentación, o neoliberalismo e a súa tradución negativa sobre os conceptos básicos –pluralismo, veracidade, obxectividade...– que viñeron dándolle substancia e vida á ideoloxía da información...) como internos a eles mesmos romperon todos os esquemas de relación entre os medios e os seus colaboradores externos. Diante diso, os escritores que manteñen unha relación máis ou menos estable con eles están bastante descolocados.

b) De seren empresas políticas e teren por iso vontade de influencia na opinión pública por enriba de calquera outra intencionalidade, os medios estrutúranse e actúan principalmente con base no que se entende por políticas de empresa. Os escritores entran a formar parte da bolsa de actores cooptados para a lexitimación desas políticas (as estratexias de resistencia nun tempo de concentracións e de fórmulas multimedia, ou de grupo económico con ramificacións mediáticas).

c) Os escritores de xornais quedan ademais sometidos ás esixencias da fragmentación e tamén de canto comporta actualmente nos medios un proceso de banalización e baleirado de sentido, o que dá finalmente na esixencia de textos curtos, máis narrativos que argumentativos, máis dirixidos á emoción e a sensación que ao intelecto; uns textos que non requiran esforzo de comprensión por parte do lector e,

a poder ser, que sexan divertidos (non polo enxeño e a capacidade expresiva, que son un valor, senón porque teñen pingas de excentricidade, palabras grosas, linguaxe televisiva e cunha carga semántica de orixe posmoderna).

d) Están tamén sometidos ao remuíño da información: á multiinformación. Como apreghendela fóra das redaccións para estaren ao día e opinar sobre os feitos e as mensaxes que configuran a actualidade para o xornal en que escribe, achegando luz e coñecementos que a contextualicen e interpreten en profundidade?

e) Sometidos á actualidade e ao acontecemento. O escritor nos xornais, forzado como está a participar interpretando e vulgando a actualidade que conforma a axenda diaria do medio para o que escribe, vese condicionado pola tiranía do acontecemento ou da ultimísima actualidade á hora de elixir os temas para os seus artigos ou para as súas columnas. O que non deixa de ser preocupante, pois que aqueles que máis deberían significarse na defensa da diversidade produtiva, que é célula de pluralismo e de pluralidade, sexan precisamente as primeiras vítimas dos axentes que impoñen o emotivo por enriba do obxectivamente relevante, o espectacular televisivo por enriba do que de transcendente teña para os receptores de información e opinión, o que interesa ás grandes corporacións e grupos de poder por enriba do que interesa á sociedade.

f) Cada vez está máis claro que, mentres este estado de cousas continúe así, os escritores/intelectuais/creadores de opinión e divulgadores de coñecemento teñen escasas posibilidades de manter o seu status (autoridade moral, compromiso cos grandes valores...) nos grandes e tamén nos pequenos medios de comunicación. A non ser que se profesionalicen na escrita para os xornais e de feito se convertan –esa foi a opción que algúns escritores tomaron nos anos 20 en Galicia, cando conviñeron en que só desde dentro das redaccións e dos grupos editoriais poderían superar as barreiras de credibilidade pública que ambicionaban por razóns cívicas e de compromiso co país– en xor-

nalistas/comentaristas, para o que precisarían dunha formación específica en comunicación.

6 O ESCRITOR NO SEU LABIRINTO

Remato aventurando algunhas predicións ao aire de todo o que queda dito respecto da presenza do escritor nos medios de comunicación, e singularmente nos xornais, respecto das limitacións estruturais e dos condicionamentos produtivos aos que me acabo de referir.

Son os xornalistas profesionais –en calidade de comentaristas/ columnistas/críticos– e non os escritores –en canto articulistas e ensaístas– os que ocuparán maioritariamente as páxinas de opinión dun xornal. Esa tendencia, que en determinados medios escritos de Galicia está excepcionalmente invertida, é xa visible nos grandes rotativos, malia que os escritores e/ou novos intelectuais sigan compartindo espazos de opinión cos xornalistas/profesionais. Non avogo por facer exclusiva nos xornais a opinión dos profesionais da información –que tamén adquiren canda outros actores sociais a condición de novos intelectuais, sempre e cando teñan a formación e especialización requiridas e amosen unha clara vocación de intervir na opinión do seu tempo–. Tamén nas páxinas de opinión se debe referendar o xornal como unha polifonía de voces. Pero si que deberían ser eles as locomotoras da opinión publicada. Porque son os que están –deberían estalo– en contacto directo coa realidade e coas fontes que máis e mellor poden contribuír a que esa opinión, sosténdose na información obxectiva e necesaria, e contextualizándoa nunha serie de coñecementos interdisciplinares sabia e profesionalmente relacionados entre si, acabe achegando xuízos xustos.

Abundando no dito, entendo que son os xornalistas os que deben facer ese traballo interpretativo/valorativo nun primeiro nivel, e en primeira instancia, porque son os que están en contacto directo coa información de actualidade –que chega, non o esquezamos, ininterrompidamente á mesa da redacción–, e tamén con fontes fiables, sen as que non sería posible xulgar e valorar con xustiza os acontecementos. Esta función, que tradicionalmente se

lles encomendou aos colaboradores expertos no seu ámbito de coñecemento e a escritores que voluntariamente optaron por utilizar canles mediáticas para divulgar as súas ideas, e no mellor dos casos valéndose da información que lles chega a través dos medios de continuidade (TV, radio e agora internet), está pasando aos profesionais expertos na busca da verdade informativa que está detrás dos feitos, e expertos ademais na maneira de argumentala e de comunicala a públicos amplos.

Para que quede claro: non avogo pola expulsión dos que, como é o caso dos escritores, manifestan a súa vontade de contribuír aos procesos de creación de opinión nos xornais. Todo o contrario: seguen sendo necesarios non só para cualificar o produto cultural que é o xornal, senón tamén para enriquecer e pluralizar a oferta de ideas e de enfoques, o que redundará pola súa vez na potenciación dunha sólida opinión pública. Pero terán que facelo en rexistros diferentes dos que utilizan con esa mesma finalidade última os xornalistas, que son expertos no traballo de busca documental, de interpretación e valoración dos acontecementos valéndose de fontes competentes e fiables, e tamén expertos en estruturalos e argumentalos, botando man tanto dos xéneros interpretativos como dos xéneros de opinión.

Seguiráselles solicitando aos intelectuais, ou aos que se chaman novos intelectuais, persoas de recoñecido prestixio nos máis diferentes ámbitos da creatividade artística e literaria, a súa achega á masa de opinión que difunda cada día un xornal. Pode incluso suceder que o xornal produza a ese novo intelectual –que o imponha na axenda social como unha personalidade capacitada para opinar sobre o divino e o humano, simplemente porque se trata dunha persoa cooptad– e que acabe sendo unha voz de referencia obrigada nas súas páxinas de opinión diarias. Aínda que non sexa así e se trate de persoas que xa teñen prestixio por si mesmas, por exemplo de escritores que tentan incidir desde unha plataforma mediática na opinión do seu tempo, sempre van estar moi condicionados –podemos falar entón de autocensura?– polos intereses da empresa xornalística na que teñen acomodado as súas columnas

ou os seus artigos. Se sempre foran aceptados porque achegaban credibilidade ao medio, agora vano ser non só por isto, senón tamén e principalmente pola súa achega lexitimadora.

Quérese dicir que van seguir sendo requiridos polos xornais, pero sempre e cando acepten pactar previamente o tipo de participación ou de presenza nas súas páxinas de opinión. Os que non queren ir máis alá do que simples articulistas, sen máis intención que a de influír no estado de ánimo dos seus receptores/lectores, téñeno máis fácil que aquel outros escritores que buscan influír coas súas columnas ou artigos ensaísticos no estado de opinión social (opinión pública) e, conseguintemente, na capacidade de participación dos seus receptores/lectores. Os primeiros poden achegar textos que reforcen a galanura da que os medios se queren revestir no tempo do consumo/lectura rápida, no que todo se mide pola capacidade de emocionar antes que pola capacidade de interesar e de reflexionar. Pediráselles –está sucedendo así– que nos seus textos curtos priorizen a narración de experiencias persoais, que tamén terán evidentemente unha diversidade de tipoloxías, segundo estean máis ou menos conectados coa actualidade. Serán os artigos costumistas –e acostumados, diría eu, se se me permite a licenza– os que abunden e mesmo teñan éxito. Terán interese? Sen dúbida. Neses textos, malia que non toquen temas de actualidade e todo se describa baixo a criba persoal, non teñen por que estar ausentes os contravalores, que tanto botamos en falta no modelo de xornalismo que se somete ás leis da gravidade impostas pola globalización neoliberal da época.

Terano máis difícil os intelectuais ou os escritores que responden á segunda das tipoloxías citadas, por mor do que xa queda dito con anterioridade sobre o modelo de produción xornalística en vigor. É magoa que acabe sendo así. Nunca como agora tería máis sentido a súa presenza permanente nos medios, porque é no ensaísmo xornalístico –ou no artigo ensaístico– onde se poden entrecruzar aqueles coñecementos que máis e mellor permitan afondar e interpretar os feitos de actualidade ata que se lles esprema –primeiramente o autor do texto de opinión, e a través del o

receptor/lector– todo o seu sentido. Os escritores que teñen esa vocación intelectual e tamén a convicción de que é a través dos medios como poden sentirse socialmente útiles, achegando lucidez de ideas e tamén estilo e linguaxe renovadores, deberían buscar esa liña ensaística –o ensaísmo xornalístico ou o artigo ensaístico–. É seguramente o xénero de opinión que mellor os singularizaría nas páxinas dun xornal. Aquel co que máis xustificasen a necesidade de contar con eles no produto polifónico que é –debería ser– un xornal. E facer presión, e todos nós con eles, para que non atopen as barreiras do economicismo máis indecente e consigan que lles cedan o espazo e a prioridade que merecen. Conscientes, iso si, de que van contracorrente.

